

CERTIFICACIÓN

Rosa Ana Prada Queipo, secretaria xeral do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 29 de agosto de 2024, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

PUNTO SEXTO. ADXUDICACIÓN DA LICITACIÓN DOS SERVIZOS DE VOZ (FIXA E MÓBIL), DATOS E SEGURIDADE NAS COMUNICACIÓNS DO CONCELLO DE AMES (3 LOTES). EXPEDIENTE GD 106/2024.

LOTE 1 SERVIZOS DE VOZ (FIXA E MÓBIL), SERVIZOS DE DATOS E SEGURIDADE DAS COMUNICACIÓNS. EXPEDIENTE GD 270/2024.

A Xunta de Goberno Local do 01.02.2024, aprobou o expediente de licitación do contrato dos servizos de voz (fixa e móbil), servizos de datos e seguridade das comunicacións do Concello de Ames, 3 lotes.

Tramitada a licitación, a Xunta de Goberno Local do 30.05.2024, realizou a clasificación de ofertas e requirimento de documentación ao primeiro clasificado (Vodafone España S.A.U.), en relación ao lote nº1.

Unha vez presentada en prazo a documentación requirida polo licitador clasificado en primeiro lugar e segundo o establecido no artigo 150 da Lei de Contratos do Sector Público, a Mesa de Contratación en sesión celebrada o 11.07.2024 propuxo ao órgano de contratación a adxudicación do contrato á empresa VODAFONE ESPAÑA, SAU con CIF A-80907397.

Figura no expediente, informe favorable de fiscalización da adxunta á Intervención municipal (informe AI 128/2024 do 21.08.2024) CSV:15220IDOC2ABA57089BF92DC4A87).

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 1983/2023, BOP 120 do 26.06.2023), adopta os seguintes acordos:

Primeiro. Adxudicar á empresa VODAFONE ESPAÑA S.A.U. con CIF A-80907397 o Lote 1 denominado servizos de voz (fixa e móbil), servizos de datos e seguridade das comunicacións do Concello de Ames, nas condicións que a continuación se indican, tendo en conta a oferta da empresa adxudicataria e as condicións establecidas nos pregos de licitación, tanto pregos administrativos como técnicos:

VODAFONE ESPAÑA, SAU		
Prezo do contrato		
Oferta económica duración inicial contrato (3 anos)	IVE 21%	IMPORTE TOTAL CONTRATO
247.464,00 €	51.967,44 €	299.431,44 €
Criterios automáticos		
Incremento de velocidade de accesos de datos (VPN+Internet) del CPD	SI <input type="checkbox"/>	NO <input type="checkbox"/>

hasta 1 Gb		
Incremento de velocidade de accesos de datos (VPN+Internet) de la Casa Consistorial hasta 600 Mb	SI <input type="checkbox"/>	NO <input type="checkbox"/>

Duración do contrato.

O contrato terá unha duración de **TRES (3) ANOS**, podendo prorrogarse anualmente ata un máximo de CATRO ANOS (incluído período inicial e prorrogas), cumprindo así co establecido no artigo 29 da LCSP.

As prorrogas son obrigatorias para o contratista

Non obstante, cando ao vencemento dun contrato non se formalizou o novo contrato que garanta a continuidade da prestación a realizar polo contratista como consecuencia de incidencias resultantes de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación producidas no procedemento de adjudicación, e existan razóns de interese público para non interromper a prestación, poderase prorrogar o contrato orixinario ata que comece a execución do novo contrato e, en todo caso, por un período máximo de nove meses, sen modificar as restantes condicións do contrato.

Importe do contrato.

O importe do contrato pola duración inicial ascende a **247.464,00 euros**, mais 51.967,44 euros de IVE (21%) o que fai un importe total de **299.431,44 euros**.

Inicio do contrato e da prestación.

Dado que trata dun contrato susceptible de recurso especial en materia de contratación onde este non poderá formalizarse en documento administrativo ata que transcorran 15 días hábiles dende a remisión da notificación da adjudicación aos licitadores participantes no procedemento, polo que o contrato iniciárase unha vez rematado dito prazo, previsiblemente no mes de setembro de 2024.

Modificacións previstas.

O contrato poderá modificarse por importe máximo de **65.990,40 euros**, o que supón unha porcentaxe do 20% da duración inicial polo seguinte:

En calquera momento durante a duración do contrato, poderán darse de alta ou baixa liñas e servizos de telecomunicacións, segundo as necesidades das unidades municipais. Estas altas ou baixas computaranse segundo o tempo restante ata a finalización do contrato e darán lugar a variacións do prezo total do mesmo, dentro dos límites establecidos pola legalidade vixente. A alta ou baixa de liñas e servizos efectuarase exclusivamente conforme ás indicacións do Responsable do contrato. Estas necesidades deberán ser motivadas no correspondente informe ou memoria técnica e poderán estar orixinadas polas seguintes circunstancias

- Creación de novos postos de traballo que precisen servizos de telefonía fixa ou móbil.
- Cambios da estrutura do persoal que xeren mobilidade de postos de traballo a outras sedes municipais.
- Cambios na lexislación sobre seguridade no ámbito da Administración Electrónica.

A modificación non poderá supoñer o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato, sendo necesaria a tramitación do expediente previo de gasto no caso de que a retención de crédito realizada non sexa suficiente.

Implantación do servizo.

Prazo

O proxecto comezará ao día seguinte da firma de contrato. A implantación da solución completa non será superior a 3 meses, contados desde o día seguinte da formalización do contrato, salvo que se requira dalgunha situación especial por parte do Concello (concesión de licenzas, permisos etc.)/ etc.) ou por parte da empresa adjudicataria por motivos xustificadas. Neste caso os prazos interrompéronse durante a tramitación das devanditas actuacións.

Plan de implantación

O licitador detallará na súa oferta o plan de implantación proposto. Indicarase a metodoloxía empregada para o desenrolo do proxecto, os procedementos de traballo, as tarefas e os recursos necesarios para a posta en marcha do proxecto. Incluirá un calendario detallado con carácter orientable das instalacións, configuracións e postas en servizo.

Responsable do contrato.

Designase como responsable municipal do contrato a Miguel A. Díaz Aviñoa, técnico en Informática.

Resto de condicións. O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

Segundo. Autorizar e dispoñer o gasto con cargo a aplicación orzamentaria 926.22200 do vixente orzamento municipal de conformidade co seguinte desglose:

Anualidade	Importe	IVE	Total
2024 (set-nov)	22.622,00 €	4.330,62 €	24.952,62 €
2025	82.488,00 €	17.322,48 €	99.810,48 €
2026	82.488,00 €	17.322,48 €	99.810,48 €
2027 (dec-agosto)	61.866,00 €	12.991,86 €	74.857,86 €
	247.464,00 €	51.967,44 €	299.431,44 €

Dado que o gasto é plurianual, de conformidade co artigo 174 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de maio, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a autorización e disposición do gasto para os exercicios 2025 e 2026 queda subordinada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos respectivos exercicios.

Terceiro. Comunicar ó Rexistro de Contratos do Sector Público para a súa inscrición os datos básicos do contrato adxudicado. Tamén será publicado na Plataforma de contratación do Estado.

Cuarto. Notificar o presente acordo á empresa VODAFONE ESPAÑA SAU, con CIF A-80907397 así como o réxime de recursos que procede, tal e como esixe o artigo 88 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ao tratarse dun acto que pon fin á vía administrativa.

Quinto. Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais afectados aos efectos oportunos.

Sexto. Facultar ao alcalde do Concello de Ames, para cantas actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado.

E para que conste, para os efectos oportunos, expido a presente co visto e prace do alcalde, en Ames, a 29.08.2024, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e prace

O alcalde

José Blas García Piñeiro

A secretaria

Rosa Ana Prada Queipo